



SESION ORDINARIA DE 30 DE XANEIRO DE 2024

(Acta número 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D^a. Carmen José López Rodríguez
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvarinho
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de xaneiro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	1/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES, E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil vinte e tres, e extraordinaria celebrada o día doce de xaneiro de dous mil vinte e catro e, ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=1>

2.- TOMA DE POSESIÓN DA SEÑORA DEPUTADA PROVINCIAL DONA MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.


Dáse conta de que con data dezaioito do presente mes de xaneiro, recíbese da Xunta Electoral Central, a credencial designando a dona María del Carmen López Moreno, como Deputada Provincial.

A continuación, unha vez comprobada a credencial de dona María del Carmen López Moreno, e de conformidade co sinalado no informe do Secretario Xeral, no que se indica que a señora Deputada presentou a declaración de bens patrimoniais e de actividades, así como toda a documentación necesaria e suficiente en cumprimento da lexislación vixente, polo que se procede a darlle posesión do cargo.

Seguidamente o Presidente pídelles á señora Deputada dona María del Carmen López Moreno, que se achegue ao atril colocado no centro do Salón de Plenos para prestar xuramento ou promesa do cargo, que o fai no seguinte sentido: "*prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*".

A continuación o Sr. Presidente dá a benvida á nova Deputada e entrégalle o Diploma acreditativo do cargo, a Insignia de ouro da Deputación, e a Medalla de ouro, todos eles atributos recoñecidos polo Regulamento de Honras e Distincións da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Seguidamente a Sra. Deputada Provincial dona María del Carmen López Moreno pasa a ocupar o seu escano no Grupo Provincial Socialista.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=2>

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmwjfw%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



PARTE RESOLUTIVA

3.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL DETECTADO NA DOCUMENTACIÓN QUE SERVIU DE BASE PARA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (expediente 2023/XEN_01/002434) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

Antecedentes de Feito:

Primeiro: O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2023, acordou á aprobación inicial da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.

Dito acordo, ao non presentarse suxestións e reclamacións, quedou elevado automaticamente a definitivo polo que publicouse o texto integro da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo no BOP nº 009 do 11 de xaneiro de 2024 para a súa entrada en vigor

Segundo: O centro xestor detectou un erro material de transcripción na documentación que serviu de base para a aprobación da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo. Concretamente o erro afecta á redacción dun epígrafe do artigo 31.1 do borrador do texto da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Consideracións xurídico-administrativas;

Primeira: De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Observacións		Páxina	3/24
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Segunda: A competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso o Pleno).

Conclusionés:

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente, que polo Pleno se aprrobe a corrección do erro material detectado no artigo 31.1 do texto da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións, no seguinte senso:

Onde consta:

“(…)

- Menor ou igual a 10, 100%*
- Entre 11 e 30, o 50 %*
- Superior a 30, o 20 %*

(…)”

Debe constar:

“(…)

- Menor ou igual a 10, o 10%*
- Entre 11 e 30, o 5 %*
- Superior a 30, o 2 %*

(…)””


En base ao anteriormente exposto propoño que polo pleno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección do erro material detectado no artigo 31.1 do texto da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións., no seguinte senso:

Onde consta:

“(…)

- Menor ou igual a 10, 100%*
- Entre 11 e 30, o 50 %*

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	4/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



- Superior a 30, o 20 %

(...)"

Debe constar:

"(...)

- Menor ou igual a 10, o 10%

- Entre 11 e 30, o 5 %

- Superior a 30, o 2 %

(...)"

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 14 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do señor deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro do Grupo Provincial Popular); abstencións, 11 (correspondentes aos/á señores/a deputados/a do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=3>

4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO AO MANIFESTO E Á CONVOCATORIA DO 4 DE FEBRERO "EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA QUE QUEREMOS E QUE MERECEMOS", FEITA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA.

Por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de asuntos de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números catro e cinco da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	5/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de goberno en apoio ao manifesto e á convocatoria do 4 de febreiro en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos, feita pola plataforma SOS Sanidade Pública.

Exposición de Motivos:

Diante dunha nova mobilización social e profesional en defensa da Sanidade Pública Galega traemos a debate, novamente, unha moción en apoio ás xustas reivindicacións recollidas no manifesto da convocatoria.

Manifesto que xunta e dá voz ás reclamacións constantes e permanentes que se veñen producindo en diferentes concellos da nosa provincia (Lugo, Fonsagrada, Chantada, Castroverde, Mondoñedo, Monforte,) pola falta de persoal nos centros de saúde.


Esta nova convocatoria pon de manifesto que o Goberno da Xunta non só non toma nota, senón que moi ao contrario coas súas políticas está acelerando o deterioro da sanidade pública, non repoñendo profesionais, e sumíndoa nun pozo cada vez máis fondo.

Un claro exemplo do proceso de desmantelamento da Sanidade Pública Galega témolo na atención primaria, que na actualidade está pasando por unha situación límite debido á precarización deste servizo básico e fundamental para a cidadanía. O Partido Popular, dende o goberno, ten feito saltar polos aires os seus alicerces; non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

1. Apoiar o manifesto e a convocatoria do 4 de febreiro “en defensa da Sanidade Pública Galega que queremos e que merecemos”, feita pola Plataforma SOS Sanidade Pública (que se reproduce de seguido). Dándolle traslado do acordo a dita entidade.

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	6/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



manipuladas que ocultan máis da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonadas nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas...

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

Dende SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen plataformas cidadás, organizacións políticas e sindicais e colectivos profesionais, propoñemos 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chamamos a toda a cidadanía galega e encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e merecemos.

13 medidas urxentes contra a destrución da sanidade pública galega
Outro modelo de funcionamento e de xestión é posíbel

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS), garantindo que na contabilidade deste incremento non se compute o gasto farmacéutico nin o custe do sector privado racionalizado. Eliminación da derivación sistemática de pacientes aos centros concertados privados.

2. Incrementar urxentemente o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais necesarias, como psicoloxía clínica, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, podoloxía, traballo social, atención temperá, nutricionismo, hixiene bucodental, ou optometría. Aumento do número de prazas de formación do persoal. Acreditación de novos centros para a docencia. Priorización das consultas presenciais nos centros sanitarios, e remate das listas de agarda nos centros de saúde.

3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, cubrindo os servizos mínimos en todos e mellorando a súa dotación e equipamento. Control e coordinación de todos os procesos asistenciais do paciente dende a Atención Primaria.

4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público; aumento na dotación das mesmas para cubrir os servizos mínimos de persoal e equipamento. Agrandar o

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	7/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



número de ambulancias tanto as 'asistenciais' como as 'medicalizadas', número que na actualidade non chega para cubrir a demanda.

5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos; reapertura das camas hospitalarias clausuradas; recuperación dos servizos pechados dos Hospitais Comarcais. Modificar a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias que favorece a derivación de pacientes ao sistema privado.

6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) faise dende a sanidade pública, sendo os referentes os Centros de Atención Primaria, dotados axeitadamente e en coordinación cos servizos sociais. Asegurar que as persoas maiores e as persoas con discapacidade, sobre todo aquelas que viven en residencias, non sofren restricións ou marxinacións, vergoñentas, no acceso aos especialistas nin nas derivacións hospitalarias.


7. Reintegración ao Sistema Público dos servizos privatizados: Información, Historia Clínica, Receita Electrónica, Central de Chamadas, Loxística, Investigación, Docencia. Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas segundo o proxecto inicial para dar cobertura a toda a poboación de Povisa.

8. Elaboración de forma consensuada dun Plan de Saúde mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos de persoal axeitado e que garanta a presenza de profesionais de Saúde Mental na Atención Primaria.

9. Eliminación da inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementación dunha política xusta e incentivadora. Contemplan a dedicación exclusiva só para o persoal médico que traballa na Sanidade Pública e esixencia da acreditación especializada no novo persoal contratado

10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo

11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutive e orzamento propio. Transformar as Áreas Sanitarias para a recuperación da necesaria coordinación e xestión integrada da Atención Primaria, Hospitalaria, Saúde Pública e Atención á Dependencia. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	8/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



12. Reorientar o sistema ao “modelo comunitario e participativo”, para garantir unha atención integral que actúe eficazmente sobre as cuestións determinantes que inciden na saúde.

13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso racional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA UN PLAN DE CHOQUE PARA A ATENCIÓN PRIMARIA, A REDUCIÓN DAS LISTAS DE ESPERA E A RECUPERACIÓN DOS CADROS DE PERSOAL NA SANIDADE PÚBLICA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta un plan de choque para a atención primaria, a redución das listas de espera e a recuperación dos cadros de persoal na sanidade pública.

O vindeiro domingo, 4 de febreiro, a sociedade galega volverá saír á rúa de xeito masivo para defender a sanidade pública, o dereito dos galegos e galegas a unha atención sanitaria universal e a dignidade nas condicións laborais dos profesionais do

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmwjfw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



sector. No caso dos/as lucenses, achegaremos ademais a nosa demanda de que se reverta o desmantelamento da sanidade no rural, que está a xerar unha fenda entre cidadáns de primeira, con acceso ós servizos sanitarios, e cidadáns de segunda, nomeadamente no rural, que non dispoñen no seu contorno inmediato eses servizos. A mala xestión, o desprezo ás queixas de familias e pacientes, a desatención ás suxestións dos profesionais sanitarios e das organizacións que os representan veñen sendo a norma de actuación do PP ó longo dos seus anos de goberno. Galicia ten hoxe 1.100 profesionais sanitarios menos, 900 camas hospitalarias menos e inviste 130M€ menos en Sanidade que en tempos do Goberno de Touriño. Hai uns 1.500 profesionais ás portas da xubilación en Galicia, como os 289 médicos que cumpriron 65 anos na provincia de Lugo entre 2018 e 2022 sen que o Sergas tomase medidas para repoñer os cadros de persoal.

As Actas dos Plenos desta institución dan cumprida conta das reclamacións continuadas que no eido da Sanidade vimos trasladando ó Sergas, á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia sen ter resposta. Reclamacións e demandas que no son nosas, que son do conxunto da sociedade lucense, que un día si e outro tamén, levan ós medios de comunicación, ás redes sociais e ás rúas as súas queixas. E que non atopan ouído no goberno autonómico.

A OMS considera aconsellable que o 25% do gasto sanitario se dedique a Atención Primaria. En Galicia esa porcentaxe cae ó 14%. Os nosos veciños e veciñas esperan de media entre 15 e 25 días para ser atendidos polo seu médico de cabeceira. Hai 11.000 nenos e nenas galegos sen pediatra, moitos deles na comarca da Mariña, onde son constantes as manifestacións; ou en Sarria, onde moitas familias están a cambiar a súa cartilla sanitaria a Lugo ante a falla de atención para os máis novos. Hai 46.000 galegos e galegas esperando por unha intervención sanitaria e 120.000 agardan por unha proba diagnóstica. Son cifras insostibles que poñen en entredito o dereito constitucional de acceso á sanidade pública e gratuíta.

Por todo o exposto, e unha vez máis o Grupo Provincial Socialista quere reiterar o seu compromiso ca defensa da sanidade pública e o seu respaldo ás reclamacións que dende hai tempo ven facendo a plataforma SOS Sanidade Pública, e por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Un plan de choque en Atención Primaria que garanta a cita co médico de cabeceira nun prazo non superior a 48 horas
- Medidas que recuperen os cadros de persoal e permitan a reapertura de todos os ambulatorios e consultas pechadas a día de hoxe na provincia de Lugo, co obxectivo de que toda a poboación teña acceso a atención médica nun radio de 30 minutos de desprazamento en coche do seu domicilio

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	10/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Un plan especial de captación de médicos de especialidades como Pediatría, para paliar o déficit crónico que ven sufrindo a nosa provincia
- Un plan para incluír as consultas de Saúde Mental en Atención Primaria, prestando a estes doentes a atención que ata o de agora lles ven negando o sistema público de saúde galego
- Un plan de choque para reducir as listas de espera, tanto en operacións cirúrxicas como no que fai a probas diagnósticas.
- Un plan de melloras nos modelos de contratación, desenvolvemento da carreira profesional, modelo de xestión dos centros e dotación dos mesmos, para garantir as dignas condicións laborais dos profesionais do sistema sanitario, rematando ca precariedade actual”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA MELLORAS NA XESTIÓN DA MAREA DE “PELLETS” PLÁSTICOS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta melloras na xestión da marea de “pellets” plásticos

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Observacións		Páxina	11/24
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		




O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios contedores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos. O 13 de decembro, o servizo do 112 recibiu a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas se debe á perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns concellos a través dunha carta asinada polo conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e, o que é máis importante, da súa obriga de colaborar achegando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos da vertedura que chegaban ás nosas costas.

O 6 de xaneiro, case un mes máis tarde do vertido, a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

O día 8 dese mes, o vertido chega ás costas da Mariña, en concreto a Ribadeo, Barreiros e Burela, pero tampouco entón a Xunta fai nada. Non é ata o día seguinte, no momento en que Asturias decreta o nivel 2, cando a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado; iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes *“el que quiera ayudar, que ayude”*, ou a conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, *“el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”*; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

A inacción, os responsables da Xunta sumaron a confusión derivada de declaracións contraditorias sobre as características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de se pode ser ou non prexudicial. Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias da vertedura e actuando tarde, mal e

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	12/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere reiterar o seu compromiso ca defensa do medioambiente e das nosas costas e expresar a súa solidariedade e respaldo ós concellos afectados polo vertido, e por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- A limpeza inmediata da costa e das praias para a retirada dos “pellets”, a través dun dispositivo autonómico, de todo o litoral galego.
- A creación dun Comité de Crise, no que participen as autoridades autonómicas, que coordinarán as accións, o Goberno Central; a Fegamp; as Deputacións das provincias afectadas e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.
- A realización en colaboración cas universidades públicas e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así como as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.
- A elaboración de material informativo que porá á disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemático, evitando o sesgo partidista das primeiras campañas emitidas pola Xunta.
- Centralizar e realizar en representación de todos os concellos e sectores afectados as xestións necesarias para as reclamacións penais e civís que se podan interpoñer derivadas do vertido, informando con transparencia da marcha dos mesmos e das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Observacións		Páxina	13/24
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



(correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN XERAL DE MOBILIZACIÓN DE VIVENDA BALEIRA".

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para demandar da Xunta de Galicia un plan xeral de mobilización da vivenda baleira.


Exposición de Motivos:

Na última década, en Galiza só se construíron 22 vivendas públicas por parte da Xunta de Galiza, convertendo un dereito fundamental nun dos principais factores de exclusión e nun ben especulativo.

Entre tanto, a débeda pública galega multiplicouse por tres situándose 7 en 14.239 millóns de euros e lonxe de converxer, Galiza afastouse nestes 8 anos cada vez máis da renda per cápita da UE pasando de situarse en 9 2007 no 89,4% (PIB per cápita) da media da UE-27 a caer ao 76,9% en 10 2022.

Quince anos de goberno do Partido Popular supuxeron un devalo demográfico 13 e económico progresivo que se traduce no empeoramento da calidade de vida 14 e do benestar das galegas e dos galegos e, tamén, na perda de oportunidades 15 económicas para o conxunto do País.

Recentemente coñecemos os datos dun estudio elaborado polo “Observatorio de Emancipación do Consello da Mocidade en España” que amosa unha taxa de emancipación xuvenil en España de tan só o 16,3%. No caso de Galiza esta taxa sitúase por debaixo da media, cunha taxa inferior do 15,3%. Segue moi por debaixo da media da Unión Europea, o cal se estima nun 31,9 %.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmwjfw%3D%3D	Páxina	14/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



A política de vivenda en Galiza debe aspirar a planificar e intervir a medio prazo sobre o parque inmobiliario residencial: o seu grao de accesibilidade, a oferta dispoñible, réximes de tenencia, localización, estabilidade residencial ou a calidade do hábitat doméstico ou urbano, entre outros, co fin de garantir que todas as persoas que queiran formar un fogar poidan acceder a unha vivenda digna e axeitada ás súas necesidades.

A intervención sobre o parque residencial construído debe abarcar dende a súa dimensión territorial até a escala doméstica, procurando unha maior sostibilidade social, ambiental e económica do mesmo e a mellora da calidade de vida cotiá dos ambientes construídos.

Ademais Galiza precisa xa dunha planificación estratéxica a medio prazo, que ofrezca resposta á grave situación actual de dificultade de acceso á vivenda

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar á Xunta de Galiza que destine os medios materiais e recursos humanos necesarios, para poñer en marcha urxentemente un Plan Xeral de Mobilización da Vivenda Baleira, mediante o que a Xunta compre vivenda e a poña a dispor dos galegos e galegas en réxime de alugueiro, tendo en conta que nestes momentos hai 500.000 vivendas baleiras, das que 90.000 están concentradas nas grandes cidades.

2.- Instar á Xunta de Galiza dos recursos necesarios para reactivar a construción de vivenda pública e blindar por lei que toda a vivenda pública que se vai a construír no país se dedique ao alugueiro.

3.- Demandar da Xunta de Galiza un Plan Sectorial da vivenda que garanta o acceso á vivenda, con maior resiliencia fronte a contextos cambiantes e sirvan de contrapeso ao incremento de prezos do mercado libre, marcando como obxectivo o 5% de vivenda principal pública en 2.040.

4.- Demandar a transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas situados en Galiza), para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmwjfw%3D%3D	Páxina	15/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO Á ELABORACIÓN DUN ESTUDO INTEGRAL SOBRE O ESTADO ACTUAL DAS VÍAS PROVINCIAIS E DESENVOLVER UNHA PROGRAMACIÓN PARA A SÚA RENOVACIÓN E MELLORA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:


“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo á elaboración dun estudo integral sobre o estado actual das vías provinciais e desenvolver unha programación para a súa renovación e mellora.

Exposición de Motivos:

A rede de estradas da Deputación de Lugo suma máis de 4.000 quilómetros que facilitan a comunicación entre distintas partes do territorio da provincia polo que constitúen un elemento fundamental para a vida diaria dos lucenses.

Anteriores gobernos provinciais, especialmente o presidido por Francisco Cacharro, impulsaron estas infraestruturas en épocas nas que o orzamento da institución provincial era moi inferior ao actual. E, ademais da súa construción, tamén eran capaces de manter estas vías en bo estado.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	16/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Lamentablemente, na actualidade moitas das vías de titularidade provincial atópanse en situación de abandono. O seu mal estado apréciase na presenza de gretas, blandóns, firme socavado, buratos de tamaño considerable ou fochancas longas e profundas... ou nas deficiencias na sinalización. Nalgúns casos, incluso en curvas ou espazos que poden supoñer que o condutor teña que elixir entre danar o vehículo ou poñerse en risco. É dicir, o estado lamentable de mantemento da rede viaria xera molestias e incomodidades; pero, sobre todo, xera inseguridade aos usuarios.

O mal estado das vías ofrece, ademais, unha mala imaxe da provincia tendo en conta que as vías provinciais son os principais accesos a zonas turísticas coma as praias da Mariña ou distintos reclamos da Ribeira Sacra, sen esquecer outras comarcas da provincia porque realmente todos os municipios da provincia sofren esta situación ao ter as vías titularidade da Deputación nun estado practicamente intransitable.

As deficiencias nas estradas que son competencia da Deputación de Lugo tamén poden provocar unha redución da competitividade da provincia. Non só dende o punto de vista turístico, senón tamén para empresas e autónomos que desenvolven a súa actividade na nosa provincia e teñen que convivir cunha rede de estradas desfeita que lles ocasionan problemas ou, incluso, incremento de gastos no seu día a día, por exemplo no caso de que cheguen a provocar avarías.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a:

1.- Realizar un estudo integral do estado da rede de estradas titularidade da Deputación Provincial, confeccionar unha programación real, obxectiva e igualitaria para desenvolver obras de renovación e mellora do firme nas vías de toda a provincia onde sexa preciso, atendendo a criterios de necesidade, seguridade para os condutores e priorizando aquelas nas que fai máis tempo que non se actúa.

2.- Dotar de maior orzamento a partida orzamentaria dirixida a conservación e mantemento das vías provinciais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as Deputados/as D. Carlos López López, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	17/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



No transcurso do debate, durante a intervención do señor deputado don José Angel Santos Sánchez éste diríxese ao Presidente chamándolle “delincuente viario”.

Ao rematar a intervención do señor Santos Sánchez, o Presidente toma a palabra para pedirlle ao deputado que retire a expresión pronunciada, e maniféstalle que do contrario retirárase do texto da acta, porque considera que aquí no hai ningún delincuente.

O deputado señor Santos Sánchez manifesta que se remite ao que dixo anteriormente. O señor Presidente sinala que queda retirada do texto da acta a expresión pronunciada polo señor deputado don José Angel Santos Sánchez.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A REVISAR O PREZO DE ADQUISICIÓN DO CASTELO DE DOIRAS.


Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a revisar o prezo de adquisición do castelo de Doiras.

Exposición de Motivos:

Tras recibir a solicitude do Concello de Cervantes para a sinatura dun convenio de colaboración para a compra do Castelo de Doiras o 16 e o 20 de novembro de 2023, a Deputación de Lugo aprobou e asinou o convenio o 29 de decembro. O goberno provincial tramitou, polo tanto, o expediente no escaso período dun mes en base a

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	18/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



dous informes de taxación de parte que difiren entre si e unha memoria que non xustifica o interese económico para o municipio nin a viabilidade da operación.

Ditos informes periciais son claramente informes de parte, e carecen da obxectividade, imparcialidade e transparencia que debe ter toda valoración de bens adquiridos por administracións públicas, xa que un deles que valora o inmovible en 1,412millóns/€ é aportado pola Fundación vendedora e beneficiaria da venda do inmovible, que resulta dubidoso, toda vez que esta fundación está presidida por un cargo político vencellado ao mesmo partido que goberna tanto a Deputación que concede a amplísima achega para a compra do inmovible, como o Concello que o adquire, e por riba, claramente multiplica o seu valor respecto do de adquisición, resultando inxustificada a desorbitada ganancia patrimonial obtida por dita fundación; e o outro solicitado pola Deputación Provincial a una empresa externa de valoración, que fixa o seu valor en 1'063millóns/€, incumpre os procedementos de valoracións para bens adquiridos por administracións públicas, xa que como o propio informe reconece, non se visitou o inmovible para a súa valoración, feito que resulta preceptivo.

Ámbolos dous informes vulneran a doutrina do Tribunal Supremo contida na Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo de 21 de xaneiro de 2021 que senta xurisprudencia no sentido de esixir a necesidade de inspección dos bens inmovibles que son obxecto de taxación cando a administración pretenda determinar o valor dos mesmos mediante o ditame de peritos, e por outra banda no sentido de esixir unha valoración pública e oficial emitida por peritos da administración cando se adquiren bens inmovibles, valoración que non existe no presente suposto, xa que nin consta o informe de valoración dos servizos técnicos da Deputación de Lugo que achega o diñeiro para a adquisición do inmovible, nin consta a valoración dos servizos técnicos do Concello de Cervantes beneficiario da ampla achega da Deputación coa que se vai adquirir o inmovible. Mesmo se a Deputación Provincial de Lugo tivera intención de cumprir coa obxectividade e transparencia necesarias para a xustificación do valor atribuído ao inmovible, deberían ter acudido aos servizos de valoración da ATRIGA, da Xunta de Galicia, organismo público que emite valoracións de inmovibles que carecen de valor de referencia como no presente suposto sucede en relación co inmovible obxecto de adquisición.

Así pois resulta de todo punto inxustificable o incremento patrimonial existente no presente suposto, que en todo caso representa un enriquecemento inxusto para a vendedora do inmovible, pois tendo en conta o valor de adquisición do inmovible por parte da mesma no ano 2000, que ascendeu a 270.000 euros, e o prezo de venda fixado en Convenio no ano 2023 que ascende a 960.000 euros (dos que a Deputación achega 900.000 e o Concello 60.000), resulta inxustificable como o inmovible adquirido puido experimentar unha ganancia patrimonial de 690.000 euros, para unha

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	19/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



construción que tal e como recoñece o informe de valoración pertence a unha clase de bens cuxo valor de demanda é nulo e que, ademais, carecen da revalorización propia que posúen outros bens inmobles.

Estes feitos evidencian a escasa preocupación da Deputación Provincial de Lugo de adquirir o inmovible por un prezo xusto e realista, o que debería ser propio dunha administración que debe rexer con eficiencia a administración dos recursos públicos que xestiona e que, neste caso, afectan a toda a provincia de Lugo.

Á vista destas cifras, e ante semellante suposto de despilfarro de fondos públicos, o Grupo Provincial Popular de Lugo entende que o goberno provincial debería revisar o prezo de adquisición do castelo de Doiras que figura no convenio de colaboración e que pretende financiar con recursos públicos de tódolos lucenses e, no seu caso, dar explicacións aos veciños da provincia sobre esta operación inmobiliaria coa que pretende encubrir unha ganancia patrimonial de 690.000 euros para a parte vendedora do inmovible e con maior razón tendo en conta que a Deputación de Lugo xa lle ten feito achegas a esta fundación para contribuír ao mantemento e mellora do mesmo inmovible. A última delas, un convenio por 95.000 euros para obras de conservación e mellora do castelo de Doiras nas anualidades 2020 e 2021.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a iniciar os trámites oportunos para revisar o prezo de adquisición deste inmovible que figura no convenio de colaboración asinado co Concello de Cervantes para a adquisición do castelo fortaleza no lugar de Doiras”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as Deputados/as D. Carlos López López, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Neste momento unha parte do público asistente ó pleno comeza a realizar manifestacións en alto e increpar ao goberno da Deputación; o Presidente sinalalles que non están autorizados a intervir no Pleno, e que deberán gardar silencio, porque do contrario tería que expulsalos do Salón.

Dado que seguen a producirse manifestacións e increpacións por parte dun sector do público asistente, o Presidente ordea o desaloxo do Salón de Plenos e, dado que o

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	20/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



público resítese a abandonar o Salón, o Presidente indícalle á seguridade que proceda ao desaloxo, suspendendo o Pleno ata que iso se produza.

O Pleno queda suspendido ás trece horas e catro minutos. E reanúdase ás trece horas e quince minutos, unha vez desaloxado o público cuxa intervención non estaba permitida.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de decembro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 5439 ao 5911. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=10>

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=11>

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dous Rogos e duas Preguntas presentadas polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ao arranxo das LU-P-2702 e LU-P-5701, que textualmente di o seguinte:

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmwjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmwjfw%3D%3D	Páxina	21/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O mal estado das vías de comunicación dificulta a mobilidade dos usuarios. No caso da nosa provincia son moitas as vías de titularidade da Deputación de Lugo que empregan a diario os veciños e veciñas, polo que o seu estado repercute directamente no seu día a día.

No caso dos veciños e veciñas da zona da montaña do municipio de Láncara, sofren dende fai tempo o mal estado da estrada provincial LU-P-2702 que comunica A Reboleira, Santalla de Lagos e Busto; xa que presenta importantes baches e socavóns.

A situación é similar no caso doutra estrada de titularidade da Deputación de Lugo ao seu paso polo municipio de Láncara como é a LU-P-5701 que comunica Sarria, Céltigos e Armea.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que comprobe o estado destas vías ao seu paso polo municipio de Láncara e que, atendendo a criterios de necesidade, leve a cabo as xestións oportunas para executar na maior brevidade posible as actuacións de mellora que sexan precisas”.


Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ao arranxo da LU-P-4107, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte **rogo**:

A Ribeira Sacra ten un importante potencial turístico vencellado ás peculiaridades do territorio marcado polas ribeiras do Miño, Sil e Cabe, na nosa provincia, e que conta cunhas características propias tanto a nivel cultural, social ou patrimonial coma natural.

Un dos aspectos nos que poden colaborar as administracións públicas de cara ao seu desenvolvemento é a través do acondicionamento das infraestruturas que comunican coa zona.

E ante o mal estado no que se atopa a estrada LU-P-4107, que une Segade e Marce e que comunica co fervenza de Augacaída, en Pantón, que é un dos puntos máis visitados da Ribeira Sacra, comprobamos que a Deputación de Lugo non o está a facer.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbwjfw%3D%3D	Páxina	22/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo facer as xestións oportunas para levar a cabo o antes posible os traballos de mellora desta vía coa finalidade de mellorar a seguridade e favorecer a comunicación cun dos puntos máis visitados da Ribeira Sacra”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao CAM de Pobra do Brollón, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O pasado martes 12 de decembro aprobábase na xunta de goberno da Deputación de Lugo o inicio do procedemento para a resolución do contrato para a construción do centro de atención a maiores na Pobra de Brollón correspondente á cuarta licitación por parte da institución provincial.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cales son as datas que prevé o goberno provincial para o inicio e finalización das obras de construción do centro de atención a maiores da Pobra do Brollón?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó acceso ás naves de Begonte, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O pasado 24 de novembro o portavoz deste Grupo, Antonio Ameijide, comunicaba formalmente que tiña previsto acceder ás naves situadas no municipio de Begonte que son titularidade da Deputación de Lugo o día luns 4 de decembro e, de non ser posible nesa data, que agardaba que se comunicara outra data. E o venres anterior á última hora da mañá o goberno provincial indicaba que se sinalaría a data para acceder a esta nave, pero sen deixar claro o momento preciso.

Tras ser denegada a autorización para acceder ao interior, comprobou dende o exterior das instalacións das que é titular esta institución provincial o seu estado de abandono, cheo de maleza e convertido nun desguace.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	23/24
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		




Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno provincial o acondicionamento das naves de Begonte e facilitar unha data para que os deputados do Grupo Provincial Popular poidan acceder ao seu interior?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240130&punto=12>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Código Seguro De Verificación	sazH7tnVpPFz49dpmbjfw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	19/02/2024 11:29:55	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	19/02/2024 11:25:27	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/sazH7tnVpPFz49dpmbjfw%3D%3D	Páxina	24/24	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			